



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA A ADHESIÓN DE FERROL Á AXENDA 2030

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para a adhesión de Ferrol á axenda 2030.

Exposición de motivos

En setembro de 2015, na Asemblea Xeral das Nacións Unidas, aprobouse a Axenda 2030 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, baseado na sustentabilidade da vida das persoas dende un punto de vista social, cultural, económico e medioambiental.

Esta Axenda fixa dezasete obxectivos concretos, onde as entidades locais deben xogar un papel fundamental, ao ser a administración máis próxima ás persoas, as máis conectadas co tecido asociativo, o sector privado e o sector educativo, e as que máis poden facilitar a participación e a codecisión co fin de non deixar a ninguén atrás.

Neste sentido, este obxectivo é plenamente asumido tanto pola FEMP como pola FEGAMP, en aprobacións plenarias, convidando aos concellos a ser partícipes activos dunha estratexia social que non queda unicamente en diagnoses sobradamente coñecidas en diferentes estratexias dos Concellos, se non que vai máis alá, ao fixar

obxectivos concretos, con seguimento e orzamento, para ordenar a vida e o territorio nunha sociedade golpeada pola Covid-19, e que debe buscar unha saída á crise diferente a 2012, reducindo a brecha social con políticas de igualdade real.

Ferrol como concello non pode quedar atrás, e debe sumarse a esta Axenda 2030, como xa fixeron, entre outros, os concellos de Santiago, A Coruña, Ames, ou as Deputacións de Lugo, Ourense e Pontevedra.

Xa en setembro de 2020 a FEMP fixo un chamamento aos gobernos locais para aprobar unha declaración institucional de apoio aos dezasete obxectivos de desenvolvemento sostible.

Polo tanto, o grupo Municipal de Ferrol en Común propón ao Pleno do Concello de Ferrol a aprobación do seguinte punto:

1. Instar ao goberno local a promover a Declaración Institucional de adhesión a axenda 2030, co fin de marcar unha folla de ruta política concreta que combata a perda demográfica, que loite contra a pobreza e o cambio climático, que apoie a economía circular e, nese sentido, que se articulen os mecanismos necesarios de participación cidadá para adoptar medidas concretas e orzamentadas dentro dos 17 ODS que permitan ter un proxecto de cidade sólido, conxunto e sostible.

Ferrol, 27 de xaneiro de 2020

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común